

Oroso ten memoria



O alcalde Manuel Mirás e o historiador orosán Manolo Pazos presentarán o primeiro número de "Memoria de Oroso, revista do Arquivo histórico de imaxes do Concello de Oroso". Unha presentación que terá lugar o próximo xoves 18 de xuño, ás oito e media da tarde, no centro cultural Fernando Casas e Novoa de Sigüeiro.

A estrutura da revista está dividida en seis apartados. Os cinco primeiros incluírán sempre temas de interese histórico, onde se mesturan o texto coas ilustracións na busca dun fin pedagóxico e divulgativo. Neste primeiro número, os temas serán: "Sigüeiro de onte a hoxe" (vistas de Sigüeiro dende o mesmo punto para apreciar o cambio urbanístico da vila), "Cinco persoas históricas do concello de Oroso" (biografías de Lope Gómez de Marzoa, Antonio Francisco de Castro, Severino Ramos Sánchez, Severino Pellit Varela e Antonio Nouché Costa), "San Román, o santo milagreiro" (un dos ritos máis importantes do patrimonio antropolóxico de Galicia), "José Antonio Noya ou a paixón polo Sigüeiro FC" (historia do Sigüeiro CF a través deste mítico xogador, xa falecido) e "Documentos da familia Garrico, Trasmonte".

No sexto tema, denominado "Fotos con Historia", móstrase unha selección de fotos que aportaron os



Inauguración da Casa do Concello en 1984

veciños e veciñas que se achegaron expresamente ao arquivo. De cada fotografía contaron a súa historia que serviu para configurar os pés de fotos. Neste primeiro número inclúense un total de 170 fotografías e documentos históricos.

Manolo Pazos adianta que "en vindeiros números da revista iremos seleccionando e desenvolvendo distintos aspectos da historia do noso concello... festas tradicionais, bandas de música, vida no campo, elementos arquitectónicos e etnográficos, historia das parroquias... ou calquer outro asunto que sexa suxerido polos lectores".

Axenda: Xuño

- | | | |
|--|---|--|
| <p>1 - Apertura do prazo de inscrición en: "Bos Días Cole" e comedor do CEIP Oroso. Ata o 15 de xuño.
- Apertura inscrición no "Summer Camp 2015"
- Matrícula na gardería Chousa Nova (ata o 10 xuño)
- Apertura da piscina municipal de Sigüeiro.</p> <p>5 Inauguración "Diversidades Plásticas", mostra de Teresa Barrós e Pedro M^a Sacristán. Ás 20:00 h. Ata o 18 de xuño</p> <p>6 Xornada interactiva de Xadrez, de 11 a 13.00 h.</p> | <p>10 Fin Matrícula Chousa Nova</p> <p>16 Apertura de novas inscricións en "Bos Días Cole" e comedor do CEIP Oroso.</p> <p>17 Entre o 17 e o 20 de xuño: lista definitiva admitidos gardería da Ulloa (de 0 a 1 anos)</p> <p>18 Presentación da revista "Memoria de Oroso". Centro Cultural, ás 20:30 horas.</p> <p>19 - Día do Deporte
- Inauguración da exposición, de Avelino Castro. Ás 20:00 h.
- Fin de inscricións no III Campus de Béisbol</p> | <p>22 - Inicio do Summer Camp
- Inicio do III Campus de béisbol</p> <p>26 Actuación de fin de curso dos alumnos/as da Aula de Música. Ás 19:00 h.</p> <p>27 - Baile para maiores co dúo Ana e Cristina. Ás 19:00 h.
- Fin inscricións gardería da Ulloa.
- Actuación dos combos da Aula de Música. Ás 20:00 h no exterior da piscina.</p> <p>29 - Xornadas de tecnificación da ED Xuventude.
- Campus de verán Club Patín Oroso.</p> |
|--|---|--|

Summer Camp 2015

CAMPAMENTO VERÁN 2015

CONCELLO DE OROSO

Para nenos de 3 a 12 anos

Actividades lúdicas, xogos, manualidades, saídas urbanas

Motivación, liderazgo, técnicas de comunicación...

Posibilidade doutros horarios / Servizo atención, comida e recreo / Posibilidade días soltos

22 ó 30 Xullo / Xullo / Agosto / 1 ó 9 Setembro

NECESARIA INSCRIPCIÓN PREVIA:
Centro Cultural Fernando Casas e Novoa

Escuela Con Talento

CAMPUS 2015

FUNDACIÓN GETA

CAMPUS DE FÚTBOL OROSO 2015

6 DE XUÑO - 31 DE XUÑO

ORGANIZA: ED. XUVENTUDE OROSO / FUNDACIÓN GETA DE VASCO

INFORMATE: Facebook - Campus Inno / Fundación Geta / Web - www.xuventudeoros.com / E-mail - xuventudeoros@oros.com

adestra coma un pro!

XORNADAS DE TECNIFICACIÓN ED. XUVENTUDE OROSO

Horarios: Mañanas: 10 - 14 h / Completar: 10 - 18 h (sábados incluídos)

Prezos: Matrición: 30 € / Completar: 50 € / Completar (comida): 80 €

Con adestradores titulados!

Perfecciona a túa técnica de fútbol!

Idades: De 8 anos (ano 2011) a 18 anos (2015)

29 XUÑO - 3 XUÑO

Información: E-mail - xuventudeoros@oros.com / Tel: 881 904 375

"BOS DÍAS COLE"

CURSO 2015/2016

- NDS C.E.I.P. DE SIGÜEIRO E OROSO
- DE 07:30 ÁTÁ O COMEZO DA XORNADA LECTIVA
- DIRIXIDO A RAPACES/AZAS DE 3 A 12 ANOS

PERIODO DE RENOVACIÓN DE MATRÍCULA: DO 1 AO 15 DE XUÑO

E MATRÍCULAS NOVAS DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ÁTÁ CUBRIR PRAZAS

- SERVIZO DE GARDERÍA E ALMOZZO
- MÁIS INFORMACIÓN NAS OFICINAS DO CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVOA: NO 981 690 903 OU NA PÁXINA WEB: WWW.CONCELLO.ROSO.COM

ORGANIZA: COLABORA:

XUÑO
5 - 19

Teresa Barrós, Pedro María Sacristán e Avelino Castro expoñen en Sigüeiro

A sala de exposicións do Centro Cultural de Sigüeiro acollerá dúas exposicións artísticas durante este mes de xuño. A primeira será "Diversidades Plásticas", coas pinturas de Teresa Barros e as maquetas de Pedro Mª Sacristán, que será inaugurada o venres 5 de xuño, ás 20.00 horas e poderá visitarse ata o 18 do mesmo mes. Un día despois, o 19 de xuño, tomará o relevo Avelino Castro, que presentará "Homenaxe a Rosalía de Castro", unha colección de pinturas, grabados e debuxos. A inauguración será o venres 19 de xuño, ás 20:00 horas.



XUÑO
dende 1

Reserva a túa praza no "Bos Días Cole" e no comedor

O Concello de Oroso abre ata o 15 de xuño o prazo de renovación de praza no seu programa de gardería e almorzo "Bos días cole" e no servizo de comedor escolar no CEIP Oroso para o curso 2015-2016. A partir do 16 de xuño, abrirase o prazo para novas incorporacións.

XUÑO
dende 1

Aberta a inscrición para o Summer Camp 2015

O Concello vén de abrir a inscrición no Summer Camp 2015, un programa de conciliación familiar no que os rapaces de 3 a 12 anos poderán ocupar o seu lecer ao tempo que aprenden inglés. Inscricións no Centro Cultural, no 981 690 903 ou na Escuela Con Talento (en persoa ou no 881 981 905/981 690 944).

OROSO

APERTURA PISCINA MUNICIPAL 2015

TRAMITACIÓN CARNÉS DE ABOADO

A PISCINA MUNICIPAL TEN PREVISTO ABRIR O DÍA 1 DE XUÑO, EN HORARIO DE 11:00 A 21:00 TODOS OS DÍAS

PREZOS CARNÉS PISCINA:

Nenos/as EMPADROADOS de 4 a 16 anos...: 17 Eur.
Maiores de 16 anos EMPADROADOS.....: 25 Eur.
(Familia numerosa desconto 20%)

Nenos/as NON EMPADROADOS de 4 a 16 anos...: 24 Eur.
Maiores de 16 anos NON EMPADROADOS.....: 32 Eur.

PREZOS ENTRADAS:

Nenos/as de 4 a 16 anos...: 1,50 Eur.
Maiores de 16 anos.....: 2,00 Eur.

Requisitos para tramitar o carné:

- Xustificante do pago das taxas correspondentes.
- Foto tamaño carné
- Xustificante carné familia numerosa, se é o caso.

Nota:
O impreso para realizar o pago obtense a través da páxina web do Concello. (Pinchar en Instalacións Deportivas)

ACTUACIÓN

COMBOS DA AULA DE MÚSICA

SÁBADO 27 DE XUÑO

ÁS 20H

EXTERIOR DA PISCINA MUNICIPAL

OROSO

OROSO

CONCELLARÍA DE DEPORTES

EXHIBICIÓN DEPORTIVAS 2015

VENRES DÍA 19 DE XUÑO

NO PAVILLÓN DE DEPORTES

A PARTIR DAS 17:30

PROGRAMA

17:30 EXHIBICIÓN XIMNASIA RÍTMICA

18:00 EXHIBICIÓN TAEKWONDO ITF

18:30 EXHIBICIÓN PATINAXE

19:00 EXHIBICIÓN ZUMBA

20:00 GALA DE CLAUSURA E ENTREGA DE PREMIOS (CAMPO FÚTBOL)



Oroso premia aos seus mellores deportistas e ás mellores promesas

O Campo de Fútbol de Sigüeiro acolle o venres 19 de xuño, ás 20:00 horas, a entrega dos premios do **II Día do Deporte** de Oroso, unha iniciativa coa que o Concello de Oroso distingue aos mellores deportistas e ás promesas máis destacadas dos distintos clubs deportivos do municipio durante esta última tempada. Unha elección que están a realizar estes días os propios clubs. No campo haberá inchables e poderase xogar tamén ao tenis de mesa. A entrada é libre e de balde.

Previamente terá lugar as tradicionais exhibicións de clausura das escolas deportivas. O programa comezará ás 17:30 horas coa exhibición de ximnasia rítmica, seguido por taekwondo ITF (18:00 h), patinaxe (18:30 h) e zumba (19:00 h).



O Concello inicia un plan de rebacheo en todo o municipio



O Concello de Oroso vén de iniciar este mes de xuño un plan de rebacheo para mellorar o estado do firme das pistas municipais das distintas parroquias. Unhas obras ás que tamén se sumou xa o inicio da primeira fase do asfaltado da pista que une Ponte Arderiz con Castiñeiro Redondo, duns 1,2 kms. E a mediados deste mes de xuño está previsto que comencen as obras de urbanización dos accesos á nova gardería da Chousa Nova, de xeito que estean rematados antes do inicio do curso.



Foi noticia...

Os nenos e nenas de Oroso achéganse ás estrelas



Unha noite de **observación astronómica** no exterior da piscina municipal puxo a broche de ouro a unhas xornadas

sobre o sistema solar impartidas aos escolares orosáns. Unha iniciativa organizada polo Concello en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela e co FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía), a través do programa "Todocosmos".

O Campus de Fútbol do Celta de Vigo terá lugar do 6 ao 31 de xullo

A Fundación Celta de Vigo e a ED Xuventude Oroso, en colaboración co Concello de Oroso, celebrarán do 6 ao 31 de xullo unha



nova edición do seu **campus de fútbol** dirixido a rapaces e rapazas de 4 a 16 anos. Haberá fútbol, multideporte, excursións... As follas de inscrición poden recollerse no Centro Deportivo de Sigüeiro ou a través da ED Xuventude Oroso (www.xuventudeoroso.com). O prazo de inscrición remata o 1 de xullo.



Un total de 40 nenos e nenas da escola infantil municipal "A Ulloa", de idades comprendidas entre os 2 e os 3 anos, participaron no **Programa de Educación Viaria**, posto en marcha polo Concello.



Noelia Barreiro, de 5 anos, que repite triunfo na categoría de 3 a 5 anos; Diego Raña, na categoría de 6 a 8 anos; e Gonzalo Mirás, de 9 a 11 anos, son os gañadores do Concurso de **Marcapáxinas** 2015.



O alcalde Manuel Mirás entregou os premios do **VI Concurso de Tapas** ao Café Bar Manuela, pola tapa "Peregrino"; o Bar Sigüeiro e o seu "Filet mignon"; e Tapería O'Martán, pola súa "Tosta do Martán".

A XIX Festa da Troita supera os 25.000 visitantes

A **XIX Festa da Troita** superou con creces o obxectivo de superar os 25.000 visitantes, grazas tanto aos festivais Oroso en Vivo como a unha soleada xornada de domingo que trouxo ata Sigüeiro a milleiros de persoas de toda a contorna para participaren na **degustación gratuita de máis de 3.000 quilos de troita**, entre a degustación do Concello e os 38 establecementos adheridos, que non deixaron de servir troitas durante toda a xornada. Santiago Mazas e Álex Espiñeira foron os gañadores do XIX Campionato de Pesca, nas modalidades sénior e infantil.

